



## DESAFÍO 2

O cambio climático é unha realidade. Xa estamos mergullados nunha sucesión de procesos que poden levar a unha situación irreversible.

Para este segundo desafío gustaríanos recoller información e opinións de persoas de diferentes idades. Podedes elixir unha das seguintes temáticas. Nesta ocasión o voso papel é de entrevistadores.

- Opción 1. Queremos saber como vivían persoas de diferentes idades (pais, nais, avós, profes...). Como quentaban a casa? E como mantiñan a temperatura no verán? É da mesma forma ca vós?
- Opción 2. Que opinan/saben do cambio climático as persoas do voso contorno? Tendes que entrevistar a persoas de diferentes idades e recoller a súa opinión sobre o cambio climático e as súas consecuencias (que o provoca, que consecuencias pode ter para eles?, etc.

Mandádenos o resultado nun vídeo que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Duración máxima de tres minutos.
- Formato de vídeo: MP4, .AVI, .MPG, .MOV, .FLV, .WMV
- Non utilizar música nin imaxes que infrinxan os dereitos de autor.
- Valorarase positivamente a orixinalidade e a dificultade do traballo.